

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

*ANUNCIO do 8 de abril de 2024, da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se comunica a consignación de depósitos de prezo xusto dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto de recuamento LMT LES809 en Novás.*

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal a publicación no *Boletín Oficial del Estado* resulta preceptiva «cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puidese efectuar...», mediante o presente anuncio as persoas afectadas pola expropiación son informadas da consignación dos depósitos de prezo xusto dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada recuamento LMT LES809 en Novás, no concello de Cuntis, que figuran no cadro anexo.

Os interesados poderán solicitar o levantamento do depósito ante o Servizo de Coordinación Industrial da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación en Vigo. Na solicitude deberán achegar unha copia do seu DNI e un certificado da conta bancaria que acredeite que figura como titular da conta en que se ingresarán o depósito.

Vigo, 8 de abril de 2024

Beatriz López del Olmo  
Xefa territorial de Pontevedra

#### ANEXO

Expediente: IN407A 2022/127-4.

Entidade beneficiaria: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación da instalación: recuamento LMT LES809 en Novás.

Concello: Cuntis.

Predio	Referencia catastral	Titular	Depósito prezo xusto
2	36015B503002730000EG	Descoñecido	2024/54/144

